MTB1.1.1 MTB1.4.1 MTB3.2.1 MTB3.5.1	MTB2.1.2 MTB2.4.1	MTB3.1.1.	MTB4.3.1 MTB4.3.2 MTB4.4.2	MT-B5.1

Os instrumentos de avaliación están recollidos na táboa do apartado 4 asociados a cada estándar. Na súa elaboración atendeuse a que estes instrumentos fosen variados e obxectivos, acadando unha avaliación funcional, realista e obxectiva do alumnado.

6. Temporalización.

ÁREAS	1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
C. Naturais	1. Os seres vivos 2. As plantas 3. Os animais vertebrados 4. Os animais invertebrados	5. Os ecosistemas 6. A función de nutrición no ser humano 7. Os alimentos 8. As funcións de relación e reprodución no ser humano	9. A materia 10. Os recursos naturais 11. As máquinas eléctricas 12. Avances técnicos
C. Sociais	1. O universo e a Terra 2. A representación da Terra 3. O clima no mundo	4. Clima e paisaxe de España e Galicia 5. Organización política e territorial de España e Galicia 6. A poboación en España e Galicia	7. A Idade Media 8. A Idade Moderna 9. Visita cultural

Matemáticas	<ol style="list-style-type: none"> 1. Los números naturales 2. Operaciones con números naturales 3. Números decimales 4. Fracciones 	<ol style="list-style-type: none"> 5. Medida de la longitud 6. Medida de capacidad y masa 7. Medida del tiempo 8. Medida de superficie 	<ol style="list-style-type: none"> 9. Ángulos 10. Figuras planas 11. Orientación en el plano y el espacio 12. Representación de datos
L. Castelá	<ol style="list-style-type: none"> 1. El arte de la deducción 2. El porqué de los nombres 3. Mejor sin miedo 4. Cuestión de energía 	<ol style="list-style-type: none"> 5. Érase una vez... 6. Fantasía y realidad 7. Personas extraordinarias 8. ¡A otro con ese cuento! 	<ol style="list-style-type: none"> 9. Momentos inolvidables 10. Ecos de otras épocas 11. ¡Arriba el telón! 12. Reírse de uno mismo
L. Galega	<ol style="list-style-type: none"> 1. Canto me alegro de verte! 2. E ti como es? 3. Soñemos! 4. Non me veñas con ese conto! 	<ol style="list-style-type: none"> 5. Pola mañá cedo! 6. Ummmm que rico! 7. Abre o pano! 8. Querido diario! 	<ol style="list-style-type: none"> 9. Grande coma un mundo! 10. Como é a túa casa? 11. A conxugar! 12. O país dos mouros
E. Plástica	<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicar emocións 	<ol style="list-style-type: none"> 2. Soños, fantasía e imaxinación 	<ol style="list-style-type: none"> 3. Enganamos a vista?
E. Valores	<ol style="list-style-type: none"> 1. Sae da coiraza 2. A unión fai a forza 	<ol style="list-style-type: none"> 3. A arma máis poderosa do mundo 4. Todos iguais, todos distintos 	<ol style="list-style-type: none"> 5. Cóidame, cóidate 6. Unha volta polo libro, atréveste?

7. Actividades.

As actividades están formuladas reflexionando sobre as capacidades que queremos desenvolver e en función dos obxectivos propostos e relacionados directamente coas competencias clave; asemade, o xeito de organizar as mesmas responden ós principios metodolóxicos marcados na programación. Consideraremos tódolos **ámbitos de experiencia, intereses e necesidades** dos nenos/as, para decidir nun principio cales son as máis axeitadas para desenvolver os obxectivos e os contidos. En canto aos criterios a ter en conta no seu deseño, han de ser **significativas**, que teñen interese para o alumno/a, que participen e lles motiven, que supoñan un reto para a súa competencia persoal. Por outra banda que **potencie as relacións entre iguais**, nun clima acolledor e cálido, establecendo actividades de grupo ou individuais que empreguen dinámicas baseadas na aprendizaxe cooperativa. Procurar no seu desenvolvemento a **participación de distintos membros da comunidade educativa** (pais e nais, mestres, ANPA, organismos, recursos públicos,...). Temos en conta tamén os **espazos, os materiais e recursos** que se van a empregar.

As actividades que se realizarán ao longo do curso estarán pensadas para o máximo

cumprimento dos distintos obxectivos marcados para as áreas.

8. Procedementos e instrumentos de avaliación.

A avaliación recollida no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación na educación primaria na nosa comunidade.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE DOS ALUMNOS/AS.

A avaliación concíbese da seguinte maneira:

- Continua e global tendo en conta o progreso do alumno no conxunto das áreas do currículo. Contémplanse tres modalidades:

- **Avaliación inicial.** Proporciona datos acerca do punto de partida de cada alumno que permiten unha atención es diferenzas e unha metodoloxía adecuada.

Pártese da información da familia, do informe do centro do curso anterior, dunha observación directa do neno nos primeiros días de clase, o iniciar calquera unidade didáctica e dunha exploración de coñecementos previos.

- **Avaliación formativa.** Concédelle importancia á evolución do alumnado conferindo unha visión das dificultades e dos progresos de cada un/ unha.

Pártese da observación directa e sistemática sobre:

- Grao de participación e interese nas tarefas colectivas.
- Progresos e dificultades dos novos contidos.
- Revisión diaria das actividades individuais.
- Corrección das actividades na clase en gran grupo e individual.

- **Avaliación sumativa.** Establece os resultados ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo e a consecución dos obxectivos.

- *Individualizada*, centrándose na evolución de cada alumno e na súa situación inicial e particularidades.
- *Integradora*, para o cal contempla a existencia de diferentes grupos e situacións e a flexibilidade na aplicación dos criterios de avaliación que si seleccionan.
- *Cualitativa*, na medida en que se aprecian todos os aspectos que inciden en cada situación particular e se avalían de forma equilibrada os diversos niveis de desenvolvemento do alumno, non só os de carácter cognitivo.
- *Orientadora*, dado que lle proporciona ao alumno ou á alumna a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe e adquirir estratexias apropiadas.

9. Metodoloxía.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, no seu artigo 6 mantén a metodoloxía dentro dos elementos do currículo e establece que “comprende tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos docentes.” O decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, contempla que a metodoloxía é unha parte do currículo que comprende tanto a descrición das prácticas docentes coma a organización do traballo persoal docente, sendo o artigo 4 máis concreto e establecendo a metodoloxía didáctica como: conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de xeito consciente e reflexivo, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados.

Ademais do concepto, a normativa impele a continuar e acelerar o proceso de renovación metodolóxica que implican as competencias clave para unha mellor educación dos alumnos. Mostra diso é o parágrafo do preámbulo da Lei Orgánica 8/2013:

A educación é a clave desta transformación mediante a formación de persoas activas con autoconfianza, curiosas, emprendedoras e innovadoras, desexosas de participar na sociedade á que pertencen, de crear valor individual e colectivo, capaces de asumir como propio o valor do equilibrio entre o esforzo e recompensa. O sistema educativo debe posibilitar tanto a aprendizaxe de cousas distintas como o ensino de xeito diferente, para poder satisfacer a uns alumnos e alumnas, que han ir cambiando coa sociedade. Necesitamos propiciar as condicións que permitan o oportuno cambio metodolóxico, de forma que o alumnado sexa un elemento activo no proceso de aprendizaxe. Os alumnos e alumnas actuais cambiaron radicalmente en relación cos de fai unha xeración. A globalización e o impacto das novas tecnoloxías fan que sexa distinta o seu xeito de aprender, de comunicarse, de concentrar a súa atención ou de abordar unha tarefa.

Para determinar o marco metodolóxico que faga posible estes avances, o Decreto 105 no seu art.15 tras destacar o carácter esencial deste elemento curricular, establece uns principios metodolóxicos aplicables ao conxunto da etapa, unhas orientacións metodolóxicas, xerais e específicas para toda a etapa e áreas, destacando a atención á diversidade, atención individualizada, posta en práctica de mecanismos de reforzo, comunicativa, inclusiva, activa, participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Integración de distintas experiencias e aprendizaxes, promovendo o traballo colaborativo e favorecendo a capacidade de aprender, fomento da lectura, desenvolvemento das intelixencias múltiples, fomento da creatividade.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- **METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA, ACTIVA E PARTICIPATIVA.**

Dirixida ao logro dos obxectivos e competencias clave. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos curriculares mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos reais.

- **APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS.**

Deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan completar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

- **TRABALLO COLABORATIVO E EN EQUIPO.**

A acción educativa procurará a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

- **LECTURA ELEMENTO TRANSVERSAL.**

Traballarase a comprensión de textos, síntese dos mesmos, análise e reflexión, estruturación e análise sintáctico como un pilar para fomentar unha boa competencia lectora e lingüística.

- **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Os equipos didácticos deben decidir a metodoloxía aplicable tendo en conta os principios metodolóxicos establecidos no Decreto, xunto coas liñas pedagóxicas do centro, convértense nun referente fundamental.

- **INVESTIGACIÓN E DOCUMENTACIÓN.**

Adquire moita importancia a investigación e o sentido crítico para a selección de información en este curso, onde se traballará a busca autónoma da información en entornos virtuais e tamén bibliográficos, co cal a selección da mesma será de vital importancia, así como o seu tratamento posterior.

- **AUTOAVALIACIÓN E RESOLUCIÓN DE DIFICULTADES.**

Valorarase a capacidade de autoavaliación das tarefas, proxectos e entregas, a fin de decatarse das fortalezas e debilidades, estando moi relacionada coa competencia de Aprender a Aprender, onde se poida crear un aprendizaxe propio.

- **TRABALLO POR TAREFAS E PROXECTOS.**

Colaboramos co Proxecto Documental Integrado do centro “Refoxos aberto ó mundo” para dar unha visión máis ampla e global da vida que hai fora da nosa contorna. Somos conscientes de que estamos nunha zona montañosa e de difícil comunicación, o que fai que o noso alumnado viva parcialmente illado de outros centros poboacionais, servizos, oferta cultural...Deste xeito, trataremos de ofrecer experiencias que abran as fronteiras do seu coñecemento.

Levaremos a cabo un proxecto lonxitudinal de cine, que pretende traballar os guións, storyboard, linguaxe cinematográfica, gravación e edición de vídeo para a creación de pequenas curtametraxes de diferentes temáticas.

Emocionario, proxecto encamiñado a coñecer as emocións e como estas afectan á nosa personalidade, onde se aportará información sobre as emocións para a resolución de conflitos, mellora da autoestima e coñecemento persoal.

Crearemos un supermercado virtual para traballar a alimentación saudable e análise de alimentos e o cálculo matemático mental.

Liña do tempo, esta liña pretende servir de guía para todo o colexio para ir colocando nunha liña cronolóxica tanto os hitos históricos como as personaxes da cultura, política ou personaxes de sona mundial na súa época e poder así comparar os distintos períodos e a súa influencia nos acontecementos de cada época.

Caderno de investigacións, que pretende a documentación constante de pequenas investigacións realizadas polo alumnado de xeito voluntario que pretende fomentar o hábito de investigación e documentación diario así coma o esforzo e interese pola aprendizaxe.

Edixgal. Traballaremos este curso nun entorno virtual de aprendizaxe onde primará, a inicio de curso, a formación no manexo do novo entorno EVA e os aplicativos que contén o equipamento do alumnado a fin de coñecer os diferentes editores, motores de búsqueda e plataformas virtuais de aprendizaxe.

10. Materiais e recursos didácticos.

Entendemos por recurso todo aquilo que utilizamos coa intención de favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe. Teñen diferentes funcións dependendo da utilización que se faga deles:

- Equipamento Edixgal, para alumando e profesorado.
- Proporcionar información a través de libros, vídeos, programas informáticos, etc.
- Servir de orientación ao alumando axudándolles a organizar a información, a relacionar conceptos, a aplicarlos, a crear outros novos, etc.
- Espertar e manter o interese cun bo material didáctico.
- Utilización da biblioteca e os recursos dos recunchos de traballo dela.

En canto aos **recursos materiais** traballamos co equipamento Edixgal, e tamén con material curricular (material e instrumentos de axuda que nos poden axudar no proceso de E/A como guías e libros de editoriais, revistas, documentos oficiais, páxinas web e Blog unrefoxosdecine, fichas, mapas mentais,...), taboleiros didácticos, materiais manipulativos, materiais audiovisuais (imaxes,

material sonoro, etc.), material informático e audiovisual (PC portátil, proxector, actividades temáticas, presentacións multimedia, enciclopedias, etc.), servizos telemáticos (páxinas web, blog, enciclopedias, etc.), vídeos interactivos, materiais de expresión artística, etc.

O Entorno Virtual EVA, proporciona gran riqueza de recursos e experiencias didácticas para o noso alumnado. As familias, aportan material propio, como poden ser álbumes de fotos, material de refugallo, envases, experiencias, escritos e demais, para a elaboración de material na aula.

O propio alumnado, elabora *material propio* para exposicións, elaboración de material audiovisual para divulgación e consolidación do aprendido, material específico para recoller medicións, observacións,....

En canto aos **recursos humanos** tiven en conta o *departamento de orientación* xa que colabora na detección e prevención de problemas de aprendizaxe e orienta tanto aos alumnos, profesores e pais nos ámbitos persoal, psicopedagóxico e profesional; as *familias*, existe colaboración na obtención de información para propostas de traballo na escola, na educación directa dos seus fillos, proporcionándolles recursos que os mestres consideran necesario para o seu proceso de ensino-aprendizaxe; *os alumnos/as* a través de titorías individuais proporcionan información sobre o seu proceso de ensino aprendizaxe, das súas dificultades, dos seus intereses,... *os mestres do equipo docente* que a través da avaliación recolleemos información necesaria e relevante.

Por último, en canto aos denominados **recursos vivenciais**, referímonos a todas aquelas experiencias que afectan ao alumnado, desde a convivencia nos distintos ámbitos da vida escolar (aula, recreo...) ata aquelas situacións nas que o centro recibe visitas ou o alumnado desprázase a outros contornos e participa de actividades nas que se require presenza activa, destacando a mellora da biblioteca, programa PLAMBE, que oferta un espazo diferente de traballo e aprendizaxe.

11. Criterios de cualificación.

Nas áreas de: L. Galega, L. Castelá, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais:

ELEMENTOS AVALIABLES	PONDERACIÓN
Estándares competenciais. (Traballados en todos os trimestres).	60 %
Estándares curriculares.	40 %

12. Deseño avaliación inicial.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece no punto 4.3 que: *“Durante o primeiro mes de cada curso escolar a persoa titora realizará unha avaliación inicial, coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave. Esta avaliación, que incluírá a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e si completará coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións nas programacións de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que si consideren oportunas para cada alumna ou alumno.”*

Tendo en conta o dito anteriormente, a principios de curso recadei a información deste grupo das sesións de avaliación do curso pasado, dos informes individuais de áreas, na que os resultados amosan unha mellora na competencia lingüística a nivel xeral e tamén na competencia matemática.

Partindo desta información e recopilando os estándares imprescindibles que considerarei apliquei unas probas nas áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas sendo os resultados acadados satisfactorios, amosando unha clase con boas destrezas e competencias en todos os campos de traballo, investigación, dixital, matemática, lingüística e artística.

Os instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial, e seguindo estas directrices, son:

- Asembleas na aula.
- Probas estandarizadas escritas.
- Entrevistas coas familias.
- Observación directa.
- Intercambio de información co resto do profesorado que incida na aula.
- Reunión co equipo de Orientación.

Posteriormente procedese a valorar os resultados da avaliación e deseñar o curso especialmente con aqueles nenos con algún informe diagnóstico do curso anterior, destacando a necesidade de focalizar a atención en un alumno/a que precisa dun maior seguimento e reforzo ao presentar un déficit de atención.

13. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.

Para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente analizarase e valorarase os seguintes indicadores de logro para posteriormente, tomar as medidas oportunas.

Formato orientativo de autoavaliación da programación didáctica.

LENDAS DA ESCALA DE VALORACIÓN.	Inadecuado	0	Escasa ou nula constancia. Non se acadan os mínimos aceptables e necesita unha mellora substancial.
	Insuficiente	1	Omítense elementos fundamentais do indicador establecido.
	Básico	2	Evidénciase cumprimento suficiente do indicador establecido.
	Competente	3	Evidénciense prácticas sólidas. Clara evidencia de competencia e dominio técnico no indicador establecido.
	Excelente	4	Evidénciense prácticas excepcionais e exemplarizantes, modelos de referencia de boas prácticas.

ASPECTOS SUSCEPTIBLES DE ANALIZAR COMO PARTE DA REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.	1	2	3	4
Organizáronse e secuenciado os estándares de aprendizaxe avaliábeis en relación es distintas unidades de programación.				
Definíronse os indicadores de logro vinculados aos estándares de aprendizaxe.				
Determináronse os estándares de aprendizaxe mínimos.				
Asociáronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis, os instrumentos de avaliación e indicadores de logro.				
Deseñouse a avaliación inicial e definíronse as consecuencias dos seus resultados.				
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Tivéronse en conta co grupo específico de alumnos medidas xerais de intervención educativa.				
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Contempláronse as medidas específicas de intervención educativa propostas para os alumnos con necesidade específica de apoio educativo.				
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Realizouse adaptación curricular significativa de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria.				
Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos: Realizouse aceleración parcial de áreas ou materias aos alumnos que tivesen autorizada dita medida específica extraordinaria.				
Definíronse programas de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación ao alumnado vinculados cos estándares de aprendizaxe.				
Avaliouse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación propostos ao alumnado.				
Preséntanse desde a área estratexias para a animación á lectura e o desenvolvemento da comprensión e expresión oral e escrita.				
Consideración de medidas para incorporar as TIC aos procesos de ensino e aprendizaxe.				

Aplícase a metodoloxía didáctica acordada no equipo didáctico a nivel de organización, recursos didácticos, agrupamento do alumnado, etc.				
Vinculación das unidades de programación con situacións reais, significativas, funcionais e motivantes para o alumnado.				
Identifícase en cada instrumento de avaliación a súa vinculación cos estándares de aprendizaxe.				
Relaciónanse procedementos e instrumentos de avaliación variados.				
Os estándares mínimos están identificados en diferentes unidades de programación e instrumentos de avaliación diversos.				
Información es familias e ao alumnado dos CE-estándares de aprendizaxe, procedementos e instrumentos de avaliación, criterios de cualificación e estándares imprescindibles.				
Realízase unha análise técnica-normativa dos recursos didácticos, incluídos os materiais curriculares e libros de texto para o alumnado.				
Coordinación entre o equipo didáctico. Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas. Coordinación do profesorado a nivel vertical: outros cursos e etapas.				
Tratamento preciso dos temas transversais nas diferentes unidades de programación.				
Actividades extraescolares e complementarias.				

14. Organización das actividades de seguimento e recuperación das materias pendentes.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu artigo 6 relativo á promoción de curso e de etapa nos seus apartados 1, 3 e 4:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

3. Cando un alumno ou alumna *non promocióne* deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse *unha soa vez durante la etapa*, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal, e **deberá ir acompañada dun plan de reforzo, recuperación e apoio.**

4. A repetición consideraras unha *medida de carácter excepcional* e tomarase tras escotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver las dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá **seguir un plan específico de recuperación.**

Este curso escolar non hai ningún alumno/a en situación de repetición de curso, co cal non se adxunta un plan específico de recuperación.

15. Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis

Avaliación das competencias clave:

O progreso na adquisición das competencias clave forma parte da avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que figuran nos anexos do Decreto 105/2014.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe avaliábeis das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia.

Dos niveis de desempeño das competencias clave informarán os indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír diferentes rangos de desempeño, tendo en conta o principio de atención á diversidade.

PROCEDIMENTO AVALIACIÓN

Describen os mecanismos que se van seguir para realizar a avaliación do alumnado, tales como, entre outros, a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase (art.7.6 Orde ECD/65/2015). O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre incorporar nas programacións didácticas procedementos que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a co avaliación. (art.7.6 Orde ECD/65/2015).

INSTRUMENTO AVALIACIÓN

Medios ou recursos para a obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas. Existe unha estreita relación entre os procedementos e os instrumentos de avaliación, no sentido que estes últimos son os documentos ou rexistros a través dos que se concretan os procedementos de avaliación.

Están presentes nas táboas de triangulación desta programación.

No caso de ter que aplicar uns instrumentos para recuperar unha materia pendente sería a través da avaliación continua e axustándose aos referentes da avaliación mediante os procedementos e instrumentos de avaliación.

16. Plan de actividades de reforzo/recuperación para alumnado que repite.

Non existe un plan de reforzo específico neste curso.

17. Medidas de atención á diversidade.

Referencias normativas e conceptualización.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, modificada á súa vez pola Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro (LOMLOE), expón a esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo ao mesmo tempo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais e establece a atención á diversidade como principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada es súas características e necesidades.

No seu preámbulo establece o seguinte:

Na etapa primaria ponse a énfase na atención á diversidade do alumnado e na prevención das dificultades de aprendizaxe, actuando tan pronto como estas si detecten. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas las etapas educativas e a todos os alumnos/as.

E no articulado:

Artigo 1. Principios.

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Artigo 4.3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico garántase unha educación común para os alumnos, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptárase as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.

O Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia establece no artigo 15. 1. que nesta etapa poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Tendo en conta o anterior:

Medidas de atención á diversidade relacionadas co grupo específico de alumnos/as de 5º de primaria.

Tras o claustro co departamento de Orientación, non se determinou necesaria a intervención da especialista nesta clase, polo de agora. Polo tanto, as medidas de atención á diversidade xerais resúmense nas adaptación das metodoloxías e velocidades de traballo observables nas dinámicas propias de aula.

Dentro das medidas xerais, aplicables a todos os alumnos, contémpanse:

- A elección dunha metodoloxía que responda a todos os alumnos/as así como o emprego dos recursos necesarios.
- Selección e utilización de materiais curriculares iguais que os que se traballan co grupo-clase.
- Organización do tempo e o espazo (estructurar as actividades, apoios visuais,...)
- Realización de apoios de aula ordinarios que se contemplan semanalmente nas distintas áreas especialmente linguas e matemáticas.

18. Concreción dos elementos transversais.

A inclusión dos elementos transversais no ensino ofrécenos unha magnífica oportunidade para reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación, porque permítenos ter en conta todo aquilo que nos permite “ser persoas”, traballar a afectividade, os sentimentos, a creatividade, a autoestima, a autonomía persoal respectando a un tal como é pero tamén a pertenza a un grupo, á importancia de sentirse querido e valioso/a para os demais.

Estes temas, polo seu carácter interdisciplinar, axudan a establecer conexións e a crear vínculos entre ciencia e experiencia, entre saber e vida. É importante que na miña programación quede constancia das decisións sobre como incluílos na actividade da clase e relacionalos cos elementos do currículo. Decisións como:

- Incorporalos a outros que lles sexan afíns.
- Iniciar determinadas unidades didácticas con tópicos relativos a estas materias.
- Partir dos valores que teñen en si mesmos e incorporalos ás áreas.

O tratamento dos temas transversais debe impregnar todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e para iso debemos ter en conta que os valores que fomentan os temas transversais forman parte do

contido das competencias clave, e que o seu tratamento transversal é unha vía para globalizar o ensino e realizar proxectos didácticos interdisciplinares.

A programación didáctica recollerá o ensino desde as diferentes unidades de programación dos seguintes temas transversais:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- As tecnoloxías da información e a comunicación
- O emprendemento
- A educación cívica e constitucional
- A prevención da violencia
- A educación e a seguridade viaria.
- A actividade física e a dieta equilibrada.
- A aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento do asociacionismo entre o alumnado.
- O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente.

Estes son comúns para todas as áreas. A especificidade do currículo de cada área permitirá ampliar o tratamento dos temas transversais.

Dous tipos de valores a traballar:

1. Valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos alumnos/as: liberdade e responsabilidade persoal, esforzo individual, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, e actividade deportiva) educación vial, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC.

19. Contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.

Contribución ao Plan Lector do centro

Respecto do Plan lector son fundamentais a planificación e organización escolar dentro da aula para contribuír a este Plan e así abarcar a diversidade de tipos de textos, situacións comunicativas e

xéneros discursivos para conseguir que os alumnos/as estean capacitados para abordar non só **textos continuos** (como os narrativos, expositivos, descritivos, argumentativos, etc.) que se viñeron traballando tradicionalmente na escola, senón tamén outras variedades que os alumnos atoparán cotidianamente, coñecidos como **textos descontinuos**, que presentan doutro xeito a información ou a intención: mapas, anuncios, diagramas, táboas, cadros e gráficos, etc.

Hai que ter presentes os cambios experimentados no noso mundo, que introduciu a sociedade da información e a comunicación.

Para obter máis información como titor, analizarei aqueles criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe do seu perfil de área, directamente relacionados coa lectura. E tal e como se pode observar, os criterios e estándares vinculados á mellora e á comprensión, achéganos información moi concreta respecto de aspectos como a tipoloxía de textos, ou contidos das lecturas.

Indícanse a continuación outras consideracións de carácter xeral:

a) Estratexias metodolóxicas que se aplicarán para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e o fomento do hábito lector. Con elas, debería garantirse que:

- Van usar fontes de información e documentación diversas.
- Proponeráse aos alumnos/as situacións comunicativas variadas.
- Abordaranse distintos tipos de textos e xéneros en función das características dos alumnos/as.
- As actividades do Plan Lector levaranse a cabo en formatos e soportes diversificados.
- Poñeráse un especial empeño en que os alumnos con necesidades educativas especiais avancen ata onde sexa posible na competencia en comunicación lingüística.
- Atenderáse as necesidades dos alumnos que por motivos persoais, familiares ou sociais requiran reforzo e apoio educativo na consecución da competencia en comunicación lingüística.
- Ao programar as actividades vinculadas ao plan lector, debo prever e concretar as estratexias que pretendo desenvolver:

- Ler cun fin.
- Buscar información.
- Expresar, expoñer, explicar a lectura.
- Ampliar de forma comprensiva o vocabulario novo, cun nivel crecente de complexidade.
- Recoñecer e utilizar palabras aprendidas durante a lectura.
- Recapitular periodicamente mentres se aborda un texto.
- Inferir a partir dun texto, en función do nivel de desenvolvemento dos alumnos.
- Xerarquizar as ideas dun texto.
- Comprender a estrutura do texto proposto e realizar un esquema sobre el.
- Resumir un texto...

b) Tamén temos un tempo de uso semanal da biblioteca escolar, como recurso educativo que apoia o traballo dos alumnos/as, mediante intervencións pedagóxicas que fomentan a aprendizaxe autónoma.

c) Está establecido un tempo diario de 20 minutos de lectura individual, e 15 minutos de lectura grupal, practicando a escoita activa, comprensión, entoación, diferentes lecturas para diferentes tipos de texto...

d) Participaremos en todas as propostas determinadas polo equipo de biblioteca que tratarán de dinamizar o centro escolar e implicar a toda a comunidade educativa.

Contribución ao Plan TIC

O traballo informático afondará en contidos audiovisuais que aporte unhas maiores competencias informáticas e tecnolóxicas para o alumnado, posto que todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe está mediado con estes entornos e equipos informáticos.

Tanto de forma individual dende cada aula coma de forma grupal, as TIC forman parte do noso centro e o alumnado participa nela. Contamos na aula coa equipación Edixgal, o cal oferta un ordenador persoal para cada alumno/a e moitos aplicativos que tratarán de desenvolver unha competencia dixital de calidade.

Contribución ao Plan de convivencia

“Aprender a convivir” forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato... non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde compartimos vivencias xuntos, e iso é a convivencia. Todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, senón no entorno, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultala. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, tódalas persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución. O obxectivo final é a mellora da convivencia no Centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o Centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Para elo, ao longo de todo o curso, levamos a cabo diferentes accións e/ou actividades:

Levaranse a cabo sesións de habilidades sociais na aula:

- Proposta de actividades para traballar a educación emocional e valores coa cal se pretende que sexan conscientes da xestión emocional das súas emocións e ao mesmo tempo a influencia desta na convivencia xeral.

Estas accións, e outras que irán xurdindo ao longo do curso escolar, é un contido máis a levar a cabo ao longo deste ano porque aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais.

20. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

As actividades complementarias e extraescolares, están deseñadas para cumprir os obxectivos que se mencionan a continuación:

- Desenvolver aspectos non contemplados nos currículos e que propician o desenvolvemento integral dos alumnos.
- Contribuír ao afianzamento de valores relacionados coa socialización, o respecto aos demais, a solidariedade e a conservación do medio ambiente.
- Afianzar o rexeitamento ao consumo de sustancias nocivas e propiciar hábitos de alimentación e conduta que desenvolvan unha vida chea de saúde.
- Servir de nexo de unión entre o centro e o mundo exterior, achegando ao alumno á súa contorna e estimulando o seu interese polo coñecemento e a cultura.

O obxectivo fundamental da nosa tarefa é conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade formada no respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais. Para conseguir este fin, as actividades lectivas deben completarse con outras que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos. Convencidos da importancia destas actividades, xa que contribúen a mellorar a calidade educativa e o desenvolvemento dos valores propios dunha sociedade democrática e participativa.

Non existe unha soa forma de aprendizaxe da liberdade a través da linguaxe, senón que se dan tamén outros modos de aprendizaxe non verbais, esencialmente prácticos, que inflúen nos nenos /as de maneira decisiva porque envían mensaxes máis intensas e duradeiras e fan brotar intuicións e iniciativas creativas dentro deles.

O elemento de diversión non debe ser o único que leve á realización das actividades complementarias. É posible por iso educar aos alumnos e ás alumnas para coñecer por que realizan unha determinada actividade, a programala e seleccionala en función das súas capacidades, interese e finalidades, e a avaliar o rendemento obtido. A visita a museos, fábricas, concertos, intercambios, estudo e goce do patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social e practica deportiva, e en xeral un emprego construtivo do lecer, van aparecendo ante os alumnos non xa como un xogo, senón como un fenómeno cultural con implicacións, sociolóxicas, culturais, estéticas e económicas, un fenómeno que han de ser capaces de valorar criticamente, asumindo as responsabilidades que supoñen a súa conservación e mellora, apreciando como fonte de goce e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo. Con elas preténdese que consigan:

- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

- Analizar os mecanismos e valores que rexen a sociedade co seu funcionamento, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, e adoptar xuízos e actitudes persoais con respecto a eles.
- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valorando criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.

Para que este plan se poda levar a cabo é precisa a participación dos distintos membros da comunidade escolar e da administración educativa. Tamén hai que propiciar a participación de institucións, organizacións e empresas que sen ánimo de lucro, poidan colaborar.

Diferenciamos entre celebracións escolares e saídas que se desenvolven fóra do centro. Participamos dos dous tipos de actividades:

As celebracións escolares nas que participamos son:

- “Samagosto”
- Festival de Nadal.
- O Entroido.
- Semana da Prensa.

- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar para este ano 2021-2022.
- Semana do libro.
- Letras Galegas.
- Celebración do Fin de Curso.
- Tamén nas actividades propostas a partires dos proxectos de centro: Biblioteca e Dinamización da lingua.

As saídas escolares veñen xestionadas polo aproveitamento didáctico das mesmas e a concordancia co currículo escolar. Nembargantes condicionaremos ditas saídas ao protocolo COVID, o cal en principio imposibilita calquera saída, salvo que melloren as condicións durante o curso.

O calendario de efemérides é o seguinte:

TRIMESTRE	MES	CELEBRACIÓN/ SAÍDA
1º T	Outubro:	22/10- Día das Bibliotecas escolares. 29/10- Samagosto.
	Novembro:	20N- Día da Infancia 25N- Día Internacional contra a violencia de xénero.
	Decembro:	Festival de Nadal.
2º T	Xaneiro:	30/1 - Día da paz.
	Marzo:	28/2-2/3 Entroido. 8/3- Día da muller traballadora. 15/3 Día Mundial dos Dereitos do Consumidor. 7/3-11/3 Semana da Prensa.
3º T	Abril:	7/4- Día Mundial da Saúde. 19/4 – 22/4 Semana do Libro.
	Maio:	9/5 - Día de Europa 16/5 – 20/5 Semana das Letras Galegas Excursión 5º e 6º Fin de curso.
	Xuño:	5/6 - Día Mundial do Medio Ambiente Festival de fin de curso

21. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na CC.AA de Galicia no seu artigo 2.3 sinala “Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.”

Tendo en conta o anterior na miña programación ten que constar:

- O instrumento de avaliación e os indicadores de logro, que debería conter o Proxecto Curricular da Etapa.
- A autoavaliación da propia programación didáctica, o seu proceso de aplicación e os resultados obtidos.
- Tralo proceso de autoavaliación, deberei definir un plan de mellora vinculado ós indicadores que obtiveran puntuacións máis baixas no instrumento de avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.

Do anterior, remítome ao punto 13 da miña programación na que contemplo un formato orientativo de autoavaliación da programación didáctica, cos seus indicadores de logro.

22. Adenda: Adaptación COVID-19.

22.1. Obxectivos da adenda.

1. Adaptar esta programación didáctica, deseñada para o ensino presencial, á situación de pandemia coa finalidade de continuar co seu desenvolvemento no caso de ter que recorrer ao ensino non presencial.
2. Incorporar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como planificar a transición ao ensino non presencial, se esta fose necesaria.
3. Reforzar, partindo dos informes individualizados elaborados a finalización do curso 2020/2021 e da avaliación inicial, os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior.
4. Axustar o currículo, segundo as necesidades do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial.
5. Establecer medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

22.2. Obxectivos prioritarios a traballar nas áreas coa finalidade de detectar as carencias e necesidades do alumnado.

Unha vez realizadas as entrevistas iniciais, probas de avaliación inicial, exposicións de traballos e dinámicas de aula, serán de prioritario traballo neste curso:

1. Impulsar a competencia dixital, debido sobre todo ao traballo na plataforma EVA Edixgal.
2. Traballo da aula virtual e videoclase para previr as metodoloxías aplicables en caso de confinamento.
3. Traballar a oralidade, exposicións grupais que impliquen unha comunicación verbal e non verbal positiva e controlada.
4. Desenvolver a iniciativa, investigación e traballo práctico, amosan pouca iniciativa na toma de decisións e nas habilidades máis prácticas do coñecemento.
5. Traballar e profundar na lingua castelá, observase un nivel competencial inferior posto que a súa lingua vehicular é o galego principalmente.
6. Mellorar o vocabulario e capacidade de expresión do alumnado.
7. Afondar o cálculo mental e habilidades matemáticas prácticas, non hai fluidez no cálculo nin nas estratexias de resolución de problemas.
8. Formar ao alumnado no manexo da biblioteca, formación de usuarios a fin de desenvolver un traballo autónomo neste espazo.
9. Buscas de información, mellora na obtención, selección e manexo da información obtida na rede, buscas seguras e fiables para obtención da información.
10. Prestar especial atención á área de Ciencias Sociais, existen dificultades xeneralizadas no coñecemento histórico e das institucións e organizacións políticas, económicas e sociais.

22.3. Incorporación das aprendizaxes non adquiridas á programación do curso 21/22.

a) Revisión dos obxectivos de área

Os obxectivos desta área non se modifican.

b) Revisión das competencias clave

As competencias clave non se modifican

c) Revisión dos contidos

Partindo da avaliación inicial, traballaremos os contidos non aprendidos, integrándoos dentro dos deste curso para reforzalos e afianzar eses coñecementos previos antes de amplialos.

22.4. Adaptacións necesarias á docencia non presencial.

a) Metodoloxía en caso de suspensión das clases presenciais (modalidade ensino telemático).

- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos o alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa

formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Neste caso, os descritores que adestrar serían:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e a confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.
- Priorizar a consecución de obxectivos de grupo a intereses persoais.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El. Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario propoñendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente,...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- Dimensión cultural e histórica. Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.
- Dimensión ético-moral. Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.
- Dimensión humanizadora. Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.
- Dimensión epistemolóxica. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

Competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

- escoitar, comprender, expoñer e dialogar.
- Utilizar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
- Expresar emocións, vivencias e opinións.
- Utilizar a linguaxe con versatilidade en función do contexto.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coidar o medio.
- Consumir de xeito racional e responsable.
- Percibir o espazo físico no que se desenvolve a vida.

Competencia matemática

- Interpretar e expresar informacións.
- Descifrar códigos numéricos elementais.

Tratamento da información e competencia dixital

- Analizar a imaxe e as mensaxes que transmite.

Competencia social e cidadá

- Participar, tomar decisións e comportarse con responsabilidade.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.
- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto, especialmente aos crentes doutras relixións.
- Comprender a realidade relixiosa e social a partir da súa análise.

Competencia cultural e artística

- Cultivar a propia capacidade estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, da imaxinación e da creatividade.
- Desenvolver habilidades e actitudes que permitan acceder ás distintas manifestacións.
- Coñecer as obras e as manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.
- Utilizar as manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas do patrimonio cristián.

Competencia para aprender a aprender

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continua-la.
- Perseverar e esforzarse, aceptar os erros e aprender deles.
- Favorecer a motivación, a confianza nun mesmo e o gusto por aprender.
- Xestionar e controlar de forma eficaz os procesos de aprendizaxe.
- Lograr experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais como colectivas.

Autonomía e iniciativa persoal

- Desenvolver valores persoais como a responsabilidade, a colaboración, a axuda aos demais, a perseveranza, etc.
- Afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Elixir con criterio propio e levar adiante iniciativas no ámbito persoal.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, diálogo, agradecemento, cooperación e traballo en equipo.

3. Obxectivos.

Ao rematar a Educación Primaria pretender que o alumnado sexa quen de:

OBXECTIVOS

COMPETENCIAS CLAVE

1. Recoñecer e valorar a dignidade da persoa humana e da natureza, fundamentándoa nos principios básicos da mensaxe cristiá.
 2. Descubrir e identificar os valores fundamentais que rexen a convivencia humana, (liberdade e pluralismo, paz, tolerancia e perdón, respecto e obediencia, Xustiza e amor...), sinalando o seu fundamento cristián e a súa presenza na comunidade eclesial para apreciar a súa achega á súa vida persoal e á convivencia en sociedade.
 3. Valorar as achegas da fe en Deus Pai, a salvación de Xesucristo e o amor do Espírito Santo, como fonte de valores sociais compartidos.
 4. Identificar o alcance e significado dos principais acontecementos, formulacións, expresións e textos básicos da mensaxe cristiá, a partir da síntese trinitaria da fe católica.
 5. Recoñecer o sentido da Igrexa Católica e as súas comunidades locais na historia da salvación, para valorar a súa acción evanxelizadora e caritativa, cultural e de cooperación social, e a súa influencia en momentos cruciais da historia.
 6. Recoñecer e distinguir o sentido transcendente, salvador e festivo dos sacramentos e doutras celebracións da Igrexa, relacionándoa con outras celebracións, signos e símbolos da nosa cultura.
- Competencia social e cívica.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia social e cívica.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencia social e cívica.
Aprender a aprender.
- Competencia social e cívica.
Competencia lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.
- Competencia social e cívica.
Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.

- | | |
|---|---|
| <p>7. Tomar conciencia de que a fe cristiá implica asumir responsabilidades para mellorar canto se relaciona con un mesmo, cos demais e co medio ambiente, atendendo e respectando as peculiaridades culturais, sociais e relixiosas dos demais.</p> | <p>Competencia social e cívica.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.</p> |
| <p>8. Coñecer e apreciar os datos e elementos máis importantes do patrimonio cultural xerado polo cristianismo, (usos, costumes, cultura, arte, historia...), para aprender a interpretar o seu sentido relixioso e o seu valor formativo.</p> | <p>Conciencia e expresións culturais.
Competencia dixital
Aprender a aprender.
Competencia lingüística.</p> |
| <p>9. Identificar algúns personaxes fundamentais da Historia da salvación e doutras relixións presentes na nosa cultura, descubriendo o valor central da persoa de Xesucristo.).</p> | <p>Competencia social e cívica.
Conciencia e expresións culturais.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.</p> |
| <p>10. Saber utilizar os principais libros da fe cristiá, sobre todo o Novo Testamento, mediante a localización, lectura e interpretación dalgúns textos esenciais do acontecemento cristián.</p> | <p>Competencia lingüística.
Competencia dixital.
Conciencia e expresións culturais.
Aprender a aprender.</p> |

3.1. Obxectivos de 5º Nivel:

1. Descubrir e comparar algúns símbolos, xestos e obxectos da natureza empregados nas celebracións cristiás e nas relixións monoteístas para mellorar a convivencia.
2. Comprender e apreciar os principais xestos que utilizan os cristiáns para relacionarse con Deus e expresarlle o seu amor.
3. Identificar e valorar os mandamentos como expresións do amor de Deus e normas que axudan a mellorar a relación con Deus e a convivencia cos demais.
4. Comprender e respectar as festas e celebracións do ano litúrxico e o culto cristián.
5. Identificar a Xesucristo como o modelo que seguen os cristiáns para practicar o ben e a verdade na vida persoal e social.

6. Coñecer e aplicar as principais ensinanzas de Xesús narradas nos Evanxeos e nas súas parábolas para mellorar a convivencia entre as persoas.

7. Descubrir e valorar o significado do templo católico e as imaxes relixiosas.

8. Coñecer e vivenciar a música relixiosa como expresión da fe católica e relixiosa que promove a unidade con Deus, mellora a convivencia e forma parte do patrimonio cultural.

9. Comprender o significado cristián, festivo e celebrativo das festas máis importantes sobre a Virxe María para saber participar nelas de forma cívica e relixiosa.

10. Tomar conciencia da importancia que ten a fe na vida eterna para os cristiáns e para ser feliz na vida diaria.

11. Descubrir o significado dos principais acontecementos da paixón, morte e resurrección de Xesucristo e a mensaxe cristiá que revelan para todos os tempos.

12. Crear ideas e opinións sobre cuestións diversas a partir das ideas achegadas por outras persoas.

13. Adquirir habilidades de organización para a realización de tarefas escolares que promovan a responsabilidade.

4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliados e grao mínimo de consecución (mínimos) para superar a materia.

Bloque 1: O sentido relixioso do home

CONTIDOS	CRITERIOS DE EVALUACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
A persoa humana foi creada con desexo de ben.	1. Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.
O ser humano sinte alegría cando realiza ou recibe o ben.	1.1 Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben. Comparte cos seus compañeiros os rasgos máis significativos. 2. Esforzarse por identificar que a adhesión ó ben xenera felicidade. 2.1 Xustifica críticamente as consecuencias que se derivan de facer ó ben. 2.2 Propón situacións na historia que manifestan o beneficio de facelo ben.

Bloque 2: A revelación: Deus intervén na historia

CONTIDOS**CRITERIOS DE EVALUACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Deus fai alianza co seu pobo.	1. Interpreta-lo significado da Alianza de Deus co pobo.
Deus desexa un pobo santo: os dez mandamentos.	1.1 Define o término bíblico de Alianza.
A Biblia: estrutura e composición.	1.2 Explica e sintetiza os rasgos característicos da Alianza de Deus co seu pobo.
	2. Comprender e respecta-las características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.
	2.1 Clasifica e é consciente do contido do decálogo.
	2.2 Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos.
	3. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento.
	3.1 Nombra e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.
	4. Explica-los diferentes autores e momentos da historia na que se compuso a Biblia.
	4.1 Confecciona materiais para ubicar cronolóxicamente os principais libros da Biblia.

Bloque 3: Xesucristo, cumprimento da Historia da Salvación**CONTIDOS****CRITERIOS DE EVALUACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

O encontro con Xesús desvela á persoa a súa verdadeira identidade.	1. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xenera o encontro con Xesús.
Os signos do reino: os milagres.	1.1 Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxelios.
A resurrección: cumprimento do plan salvífico de Deus.	2. Coñecer e interpreta-lo significado dos milagres de Xesús como acción de Deus.
	2.1 Selecciona, xustifica a elección e explica por escrito o significado dalgúns milagres.
	2.2 Dramatiza con respecto algúns milagres narrados nos evanxelios.
	3. Comprender que Deus rescata a Xesús da morte.
	3.1 Señala afirmacións dos testigos recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstolos onde se recoñece que a resurrección é acción de Deus.
	3.2 Reconstrúe utilizando as TIC os encontros co Resucitado que describen os relatos evanxélicos.
	3.3 Busca e explica signos e xestos da comunidade cristiá onde se manifesta a presenza de Xesús hoxe.

Bloque 4: Permanencia de Xesucristo na historia: Igrexa

CONTIDOS	CRITERIOS DE EVALUACIÓN Y ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE
A Igrexa: ministerios e servicios. A Eucaristía, renovación do sacrificio de Xesús na cruz.	1. Coñecer e respecta-la composición da Igrexa. 1.1 Identifica e describe os rasgos e funcións dos diferentes membros da comunidade eclesial. 2. Identifica-lo vínculo que existe entre a Última Cena e a paición, morte e resurrección de Cristo. 2.1 Explica e valora o significado das palabras de Xesús na Última Cea. 2.2 Asocia a celebración da Eucaristía coas palabras e os xestos de Xesús na Última Cea.

4.1. Mínimos Esixibles:

1. Saber os nomes dalgunhas relixións importantes da antigüidade.
2. Coñecer as principais relixións da actualidade.
3. Saber que son os dereitos humanos.
4. Descubrir a María no novo testamento.
5. Saber que son moral civil e moral cristiá.
6. Coñecer os sacramentos.
7. Saber que a igrexa foi fundada por Xesús.

5. Temporalización

O tempo adicado a cada unidade será de catro sesións, pero sempre flexible.

Dita temporalización poderá variar tendo en conta os intereses , as dificultades ou diferentes situacións da realidade vivida en cada momento. Será entendida como o aumento de novos contidos , xa que sempre seguiremos unha avaliación continua onde os novos contidos veñen como complemento e continuación dos anteriores, e traballaremos de maneira globalizada .

Tamén teremos en conta os posibles casos de confinamento que se poidan dar ao longo do curso escollar .

6. Procedementos e instrumentos de avaliación

A avaliación é continua, global, formativa e integradora e tense en conta o progreso do alumno no conxunto de todas as áreas do currículo. Emprega os seus propios procedementos para a recollida da información: diario de clase, probas de avaliación, traballo de clase, de casa, preguntas orais observación directa, entrevistas cos pais, aptitude do alumno/a perante o traballo mediante os rexistros no caderno do profesor, grao de adquisición das competencias clave ...

Ao ser unha avaliación continua, permítenos incorporar reforzo ou ampliación para aqueles alumnos que ó necesiten en calquera momento do nivel.

Os resultados da avaliación dos alumnos exprésase nos termos seguintes: insuficiente (IN), suficiente (SU), ben (BE), notable (NT), e sobresaliente (SB). O insuficiente é unha cualificación negativa, e as demais todas positivas.

Ao comenzo de cada nivel realízase unha avaliación inicial que inclúe tamén a análise dos informes persoais do nivel anterior, e serve como referencia para elaborar a programación de aula.

Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliacións que se recollerán en acta e en elas figurarán as medidas de reforzo (RE) ou adaptación curricular significativa (ACS) que sexan necesarias.

Os documentos oficiais de avaliación son pois : as actas, o expediente académico, o historial académico, o informe persoal por traslado e o informe de avaliación final de nivel, que recolle o grao de desenvolvemento das competencias clave, expresadas en Baixo, Aceptable, Bo e Excelente.

Sistema-criterio de cualificación:

- . Cadernos de actividades: 25%
- . Actitudes, esforzo, participación, interés, valores e normas: 25%
- . Traballo de clase individual, parellas, en grupo, exposición de traballos realizados, aprendizaxe cooperativo : 25%
- . Probas: escritas ou orales: 25%

O proceso de avaliación , durante este curso escolar pode verse sometido a posibles cambios dictados pola Consellería de educación. En dito caso, seguiremos en todo o momento o protocolo establecido.

7. Metodoloxía.

A área de Relixión contempla o fenómeno relixioso nas súas distintas dimensións: a dimensión cultural e histórica está presente na ensinanza relixiosa, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos. Neste sentido, a Relixión Católica deu os seus froitos na arte, nos sistemas de significación moral, na creación popular e na acción social. Por iso, o currículo da opción confesional católica ensina a incidencia que o cristianismo nos seus contidos doutriniais e nas súas formas históricas tivo e ten na cultura española e europea. A dimensión humanizadora da opción confesional católica constitúe unha achega eficaz na maduración da personalidade integral do alumno, enraizando os mesmos obxectivos do sistema educativo nun núcleo referencial de ideas, de valores e de crenzas que lle permiten ao alumno dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores. A formación relixiosa católica achega deste xeito unha cosmovisión que fai posible a apertura cara ao fundamento e cara ao sentido último da vida e, polo tanto, cara ao sentido da ciencia, da cultura e da identidade mesma da persoa humana. Tratar de afrontar as grandes preguntas que o alumno formúlase e axudalo a atopar as respostas que poderá asumir como opción libre e persoal. É finalidade da escola que os alumnos logren o seu desenvolvemento persoal; o que non é posible sen unha conveniente fundamentación e orientación cara a un significado último e global da existencia.

A dimensión ético-moral explicita as esixencias morais que supón a mensaxe cristiá. Na opción confesional católica ofrecer unha determinada maneira de ver a vida, en cuxa base se atopa un concepto de home-muller, un núcleo referencial de ideas e de crenzas, e a proposta dunha escala de principios e de valores. A ensinanza relixiosa católica expón, fundamenta e xerarquiza os valores e as virtudes capaces de educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na responsabilidade, no exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso, como expresión coherente do coñecemento de Deus revelado en Xesucristo.

A opción confesional católica presenta no ámbito escolar, na súa estrutura epistemolóxica ou disciplinar, co carácter científico co que, na cultura universitaria, abórdanse as ciencias da relixión e a teoloxía. Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e cunha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición nos Estados do noso medio cultural. O seu estatuto epistemolóxico orixinal entra no ámbito educativo en confrontación e diálogo con aqueles outros tipos de saberes e racionalidades que operan na escola. No que se refire á Educación Primaria, etapa na que o neno comenza a ter conciencia reflexa as súas propias accións percibíndose cada vez máis como individuo, o alumno enfróntase por vez primeira á urxente necesidade de realizar o descubrimento da súa propia identidade. Este proceso está moi condicionado polos modelos culturais que os adultos representan, modelos que inflúen na vida cotiá dos nenos, nos seus xogos e nas súas accións creativas. Precisamente unha das funcións da ensinanza escolar católica nesta etapa é a presentación dos modelos cristiáns de identificación. Estes atópanse nas figuras bíblicas máis destacadas da historia da salvación, nas accións e vivencias da comunidade cristiá e, sobre todo, na persoa, vida e palabra de Xesucristo.

- Desenvolver unha metodoloxía activa, creativa e participativa, que combina as actividades individuais coas grupales, e a aprendizaxe real dos contidos coa súa aplicación práctica á vida diaria.

- Promover o protagonismo do alumnado mediante a escóita atenta e o diálogo, as actividades lúdicas e participativas, a presentación en público dos traballos, a manifestación de opinións, a autoevaluación, etc.

Como principios metodolóxicos destacar:

- a) Pártese do nivel de desenvolvemento do alumno, nos seus distintos aspectos, para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren devandito nivel de desenvolvemento.
- b) Búscase lograr un hábito lector eficaz potenciando a lectura comprensiva e a análise crítico da mesma, a tal fin dedicarse un tempo diario da sesión de clase.
- c) Sublíñase a necesidade de estimular o desenvolvemento de capacidades xerais e de competencias básicas e específicas por medio da realización de actividades.
- d) Dáse prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- e) Dáse importancia á educación personalizada, que combina os principios de individualización e de traballo colaborativo (o traballo en grupo como recurso metodolóxico).
- f) Favorécese a implicación do alumno e o continuo desenvolvemento dunha inquietude pola observación, a procura activa, a investigación, a organización e a autonomía, e xerar estratexias persoais para acometer novas aprendizaxes de xeito autónoma.
- g) Foméntase a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno poida analizar o seu progreso respecto aos seus coñecementos.
- h) Porase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. Para iso, inclúranse tamén actividades de reforzo, para aqueles alumnos con dificultades de aprendizaxe, e actividades de ampliación para os que poden avanzar a maior ritmo.
- i) Préstase atención aos procesos de comprensión, análise e crítica de mensaxes audiovisuais propios dos medios de comunicación, potenciando a súa adecuada utilización.
- j) Supedítase, ao servizo da aprendizaxe, o uso das novas tecnoloxías da información, da comunicación e do coñecemento.

Todos estes principios teñen como finalidade que os alumnos sexan, gradualmente, capaces de aprender de forma autónoma.

As diferentes claves pedagóxicas do proxecto –educación emocional, intelixencias múltiples, educación en valores- están integradas no desenvolvemento secuenciado dos contidos curriculares a través das actividades propostas. As actividades que se propoñen son variadas e están deseñadas para o traballo individual e en grupo. Procurouse que as actividades fosen realistas co tempo que implican. De igual xeito é a través das actividades, por encima doutros aspectos, desde onde se aborda desde a nosa programación o enfoque competencial.

Todas as unidades didácticas manteñen unha estrutura clara e recoñecible. A estrutura sempre será:

Punto de partida. Pártese de situacións que reflicten sentimentos e emocións. Detéctase a emoción que percorrerá como eixo emocional toda a unidade. Parte da observación para profundar na experiencia do alumno. Fomenta o descubrimento tanto do mundo interior do neno como da contorna que o rodea.

Relato bíblico: Os contidos bíblicos abórdanse desde a emoción que vertebra a unidade e en conexión cos contidos que se van a desenvolver. O relato preséntase coa posibilidade de traballalo cun recurso audiovisual para favorecer a comprensión do texto. Facílitate a comprensión do relato con actividades de observación, de comprensión lectora e glosarios.

Desenvolvemento de contidos: Os contidos do currículo oficial da materia preséntanse axustados ás características do desenvolvemento dos alumnos desta idade. Os recursos tipográficos e de redacción póñense ao servizo dos contidos para que sexan facilmente recoñecibles polos alumnos as ideas principais ou os termos relevantes. No desenvolvemento dos contidos realízase unha síntese entre a emoción, o contido bíblico e o contido teolóxico. Para facilitar a autonomía de a aprendizaxe dos alumnos, as actividades que se propoñen invitan ao alumno a reflexionar sobre o seu proceso de comprensión dos contidos. Neste apartado preséntase un personaxe que encarna os valores cristiáns traballados na unidade.

Aprendín. Das condicións da avaliación que inflúen na motivación e a aprendizaxe sábese que é positivo que na avaliación se potencie a autoavaliación do progreso. Por iso, ademais de mapas conceptuais e síntese dos contidos traballados na unidade, ofrécense aos alumnos a oportunidade de que reflexionen sobre o seu propio proceso de ensino e aprendizaxe de maneira que recompilen as aprendizaxes máis significativas.

Aprendemos máis. As intelixencias múltiples trabállanse a partir dunha batería de actividades diversas que foron pensadas para que cada alumno integre os contidos a partir das súas propias capacidades. Podería ser:

Lemos. Textos literarios relacionados cos contidos da unidade. Trabállase fundamentalmente a intelixencia lingüístico-verbal.

Contemplamos. Análise de obras de arte e desenvolvemento de habilidades artísticas. Trabállase fundamentalmente as intelixencias visual-espacial, naturalista e intrapersonal.

Investigamos. Actividades lúdicas de investigación e elaboración de proxectos. Inclúense propostas de actividades grupais. Trabállase fundamentalmente as intelixencias lóxica-matemática, interpersonal e cinestésica-corporal.

Tendo en conta a realidade vivida pola Covid19 e seguindo o protocolo establecido , polo momento non realizaremos actividades nas que sexa necesario compartir material ou traballar directamente (sempre empregaremos a distancia de seguridade e desinfección oportunas) en parellas ou grupos.

8. Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.

Dentro dos recursos atopámonos con recursos tanto materiais, como recursos humanos:

Recursos Materiais:

Para seleccionar, organizar e empregar os recursos materiais, teranse en conta os seguintes criterios: seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, polivalencia, hixiene, responsabilidade...(seguiremos o protocolo establecido para a Covid19 , sempre apostando pola seguridade do alumnado e profesorado)

En caso de confinamento empregaremos para as nosas comunicacións coa alumnado e familias a web do centro , abalar-móbil e aula virtual.

Teremos en conta tamén a dispoñibilidade de equipos informáticos (facilitaremos o seu préstamo) , conexión a internet e competencia dixital. Se fose necesario empregaremos outros métodos e recursos para que ningún alumno/a quede sen ser atendido.

Partindo disto, empregaremos, na aula , os seguintes materiais:

- *Material Impreso:* Material dirixido ao alumnado: libros de texto (os libros de texto do curso están recollidos na PXA do centro), contos, láminas, material de lecto – escritura..., fichas de reforzo e ampliación, material elaborado polo profesorado adaptado á realidade da aula.
- *Material dirixido ao profesorado:* guías didácticas e guías curriculares, material para a busca de información.
- *Material Manipulativo:* existe unha gran variedade de material de carácter manipulativo, entre os que podemos destacar os seguintes: material de plástica (pinces, témperas, ceras de cores, papel seda, punzóns...), robots, calendarios, reloxo, quebracabezas, láminas etc.
- Diferentes dependencias da escola: sala de usos múltiples, ximnasio, biblioteca, patio de recreo ...
- *Materiais audiovisuais:* televisión, vídeo, DVD etc.
- *Materiais auditivos:* lector de CD, micrófonos...
- *Materiais visuais:* taboleiros, diversos tipos de pizarras , murais...
- *NNTT:* Ordenadores de sobremesa, pantalla dixital interactiva, diferentes CDROM
- *EDIXGAL e outros recursos dixitais.*

Con actividades para o alumnado.

Estes materiais poden ser empregados na sala de informática, biblioteca, sala usos múltiples, etc

Recursos Humanos:

1. Propios do Centro: Director, Claustro ,Consello Escolar, CCP e Departamento de
2. Orientación.
3. Mestres (titores, especialistas de área, e especialistas como P.T., A.L.)
4. Persoal laboral:
5. Alumnado.
6. Externos ao Centro:
7. Equipos de Orientación Específicos.
8. CEFORE

9. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción

A avaliación debe ser un proceso continuado ao longo de todo o curso escolar, por iso, para sistematizala establécense tres momentos diferentes:

- **Avaliación inicial**, que facilita a valoración dos coñecementos previos, as capacidades e as actitudes do alumnado, con obxecto de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á realidade das súas posibilidades.
- **Avaliación formativa continua**, que pretende coñecer se se van logrando os obxectivos propostos, cando aínda se pode intervir modificando o camiño para conseguilos; é dicir, avaliación do proceso e como proceso. Este tipo de avaliación ten un especial carácter regulador, orientador e autocorrector do proceso educativo desde o seu comezo, o que require unha avaliación inicial previa. Cando o progreso dun alumno ou unha alumna non sexa o adecuado, adoptaranse as medidas de atención á diversidade que procedan.
- **Avaliación sumativa**, na que se valora, sobre todo, o grado de adquisición das competencias clave, expresadas nos criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e os descritores; é dicir, avaliación do resultado.

Qué avaliar:

Os **criterios de avaliación** presentes na miña programación didáctica, son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se quere valorar e que o alumnado debe lograr, tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir na materia de Relixión neste curso.

O **Estándar** especifica o nivel ou grao no que se debe dar un criterio para tomar unha decisión avaliativa. Os criterios e estándares son os que orientan todo o proceso da avaliación, ambos convértense no referente para a avaliación das aprendizaxes como para valorar a adquisición das competencias básicas.

Os **descriptores** son indicadores que informan da adquisición ou grao de desempeño na competencia.

Na programación de aula establécense a vinculación en criterios-estándares e descriptores e as competencias que desenvolven.

A observación continua e sistemática da evolución personalizada de cada alumno ou alumna constituirá a técnica básica de obtención de información. En función da estrutura da programación didáctica, propónse o uso de rúbricas de avaliación para observar o grado de adquisición das competencias.

Na miña programación de Primaria utilizaranse preferentemente os seguintes instrumentos de avaliación:

- Follas de seguimento.
- Realización de probas obxectivas orais e escritas.
- Producións escritas e plásticas.
- Control dos cadernos e libros.
- Autoavaliación.

Criterios de cualificación.

A continuación estableceré os criterios de cualificación e adxudicarei unha porcentaxe á ponderación de cada criterio na cualificación final. Poderían considerarse:

- 25% Traballos que o alumnado vai realizando dentro da aula.
- 25% Actitude e comportamento ante a aprendizaxe.
- 25% Probas de avaliación.
- 25% Caderno.

10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

O finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan o docente avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo propónse unha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto. Pódese realizar ó remate de cada trimestre para recoller as melloras no seguinte.

ASPECTOS A EVALUAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenrolo dos obxetivos didácticos			
Manexo dos contidos na unidade			
Descriptorios e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			

Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención a diversidade			

11. Deseño da avaliación inicial.

Durante as primeiras semanas do curso, realizarase unha avaliación inicial aos alumnos/as para coñecer a situación de partida. Os recursos empregados para realizar dita avaliación son:

- . Suxestións de actividades: Axudan ao mestre/a a coñecer o punto de partida do alumnado a partires da observación directa. Estas actividades realizaranse de xeito individual, por grupos ou toda a clase e están relacionadas cos criterios de avaliación.
- . Probas escritas: Fichas fotocopiáveis para a avaliación individual, que permiten coñecer o estado do alumno/a respecto a cadanseu criterio de avaliación.
- . Formulario de rexistro persoal: Folla fotocopiábel para consignar o resultado da valoración de cada alumno. (No caso de 1º de Primaria tamén se terá en conta para realizar a avaliación inicial de curso e de Etapa o Informe persoal de Educación Infantil).

12. Medidas de atención a diversidade.

A intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos eles á vez ca unha atención personalizada en función das necesidades de cada un.

Prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar. Os mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Do establecemento do nivel de competencia curricular do grupo clase (evidenciado a partir da avaliación inicial), que tomaría como referencia os mínimos exixibles asociados ao curso-nivel anterior, derívanse:

- Medidas xerais de grupo (metodolóxicas, curriculares e organizativas).
- Actividades de reforzo e afondamento ou enriquecemento curricular.
- Planes individuais para o alumnado con dificultades.
- Adaptacións curriculares non significativas de grupo ou individuais (metodolóxicas, organizativas, nos procedementos e instrumentos de avaliación, na priorización de contidos).
- Adaptacións curriculares significativas individuais para alumnado con necesidades educativas especiais ou con outras necesidades específicas de apoio educativo que as precisen.
- Adaptacións curriculares significativas de ampliación para alumnado con altas capacidades.

En calquera caso, as medidas de atención á diversidade poden e deben contar co asesoramento dos servizos de orientación do centro.

A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo se garante o desenvolvemento de todos, se favorece a equidade e se contribúe a unha maior cohesión social.

Fichas de ampliación preparadas para tal fin adecuadas a cada unidade.

13. Actividades complementarias e extraescolares programadas.

Dáranse solucións de carácter práctico para darlle resposta á formación integral, as actividades estarán abertas á vida cultural, ao medio social, en definitiva, á realidade de hoxe en día.

As actividades complementarias intégranse na programación didáctica porque contribúen a desenvolver os obxectivos e contidos do currículo. Contribúen a conseguir unha escola máis atractiva para todos os membros da comunidade educativa, a incrementar o interese por aprender do alumnado e facilitan a xeneralización das aprendizaxes tanto dentro coma fóra do contexto escolar. Son actividades que lles van permitir aos nenos e ás nenas establecer relacións directas co seu grupo de clase, con outros grupos, co medio (o seu barrio, lugares de lecer, parques, seres vivos...). Os obxectivos destas actividades serán que os nenos e nenas vaian afianzando pouco a pouco o sentido de pertenza e, ademais, van favorecer a creación de actitudes tan positivas coma o interese, a curiosidade, o respecto, a solidariedade, etcétera.

Con este cometido incluiremos recursos para que os pequenos e as pequenas complementen o proceso de ensinanza-aprendizaxe a través dunha serie de actividades para ampliar ou reforzar segundo crea necesario. Ademais, en cada unha das unidades didácticas, proporáanse actividades para realizar en grupo, saídas, visitas culturais guiadas, dramatizacións, realización de obradoiros e recunchos, actividades psicomotrices, musicais... Tamén se vai favorecer, a través dos materiais para a aula, o uso colectivo co fin de que contribúan ao desenvolvemento social, xa que proporcionan ocasións para compartir, para axudar e colaborar e para poñerse no punto de vista dos outros.

Debido á realidade actual da Covid19 , polo momento a maioría destas actividades non poderán levarse a cabo e aquelas que se decidan realizar apostarán sempre pola seguridade do alumnado e profesorado e seguirán estritamente o protocolo establecido.

14. Deseño das actividades de reforzo/recuperación para o alumnado

Fichas preparadas para tal fin adecuadas a cada unidade.

- Actividades de reforzo.
- Actividades de ampliación
- Diferentes traballos cooperativos

- Actividades complementarias
- Lecturas
- Variación dos recursos materiais que presentan os contidos
- Reforzo dos logros
- Demostración do valor funcional dos contidos a traballar
- Apoio dentro da aula polo mestre
- Probas orais e escritas.

15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

Esta avaliación será formativa e sumativa e quedará recollida neste caso, por un informe realizado por un observador experto (mestra titora).

Neste apartado avaliaranse todas as variables que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe: obxectivos, contidos, metodoloxía, temporalización, espazos...

Os puntos a ter en conta na elaboración do informe serán:

- A práctica educativa foi:
- Adaptouse ás necesidades do alumnado:
- Conqueríronse os obxectivos establecidos:
- O grao de consecución das competencias foi:
- Foi dabondo o tempo empregado na unidade:
- A organización do espazo foi axeitada ao noso grupo de alumnos e de alumnas:

Os materiais utilizados foron suficientes, motivadores, atractivos:

Rexistro de avaliación do proxecto educativo

A planificación da ensinanza: Indicadores

- . proxecto curricular
- . as programacións de aula
- . contido da programación
- . nivel de flexibilidade na aplicación da programación.

(Valorarse como: Axeitado/Non axeitado/Observacións).

Debido á situación actual vivida pola Covid 19 , dita programación poderá sufrir ao longo do curso as modificacións necesarias por causa de confinamentos e seguindo ás órdenes da Consellería de Educación.